Paris, 26 de xulio de 1965

Siñor
Antón Alonso Pérez
Bos Aires.

Distinto irmán:

Unhas liñas pra anunciarlles que a xuntanza de que lles falei na miña derradeira carta aplazouse pra os primeiros días do mes de setembre. O siñor Gil Robles non podía ir agora, e os amigos de Madrid decidiron agardar hastra aquela fecha. Volverei a escribirlles si algo novo pasa. Sei xa que un dos delegados que irán é un bon amigo meu. Trátase de D. Pablo Martizano, a quen vexo casi todo-los meses, pois é un dos colaboradores da revista "Mañana".

Siguen facéndose os preparativos pra xuntanza de Roma. Moita atención a isto. Vai a ser un "Super-Munich". Trátase, como xa lles anunciei, de xuntar os mais destacados representantes das democracias latino-americanas (Figueres, Bosh, Frei, Haya de la Torre, etc.) cos políticos mais nomeados de Europa. Tamen alguns norteamericanos do clan Kennedy e do equipo Johnson. Todos iles, cos representantes do Consello Federal Español e trinta ou corenta demócratas españoles do interior, estudearán os problemas das democracias sud-americanas, os da libertade d'España e a sua integración a Europa.

Pensen xa na persoa do interior que poida vir. Paréceme que como en Munich, os gastos d'estancia e viaxe serán por conta dos organizadores. Fálase d'unha solemne sesión d'apertura con discursos a cargo do Presidente Saragat. A miña modesta opinión é de que os galegos deben estar alí.

Non deben, polo d'agora, falar d'isto fora d'ese Consello e Irmandades, pois temos que evitar que os representantes da diplomacia franquista boten abaixo todos os nosos esforzos. Tereilles ó tanto do que se vaia facendo. O sinor Bitonella, Secretario Xeral do Consello Federal é un gran amigo e prométeme información. Tamen de non se esquecer dos galegos á hora das invitacios. Sempre que nos queiramos ir alá.

Sin mais polo de hoxe, recibau un fraterno saudo de

Alvajar

Perdoen escriba a man. Aproveito uns días que pasa na Normandía pra cumprir esta e outras obrigas. Deixei en París a máquina d'escribir.

B